



# NOA PALMEIRO LÓPEZ

1º BACHARELATO  
IES LUCUS AUGUSTI

**Manifiesto 25 N  
2019**

## 25 N

Hoxe, 25 de novembro, Día Mundial Contra a Violencia de Xénero, todas e todos temos claro o que queremos reivindicar, a oposición ao machismo, a liberdade das mulleres, é dicir, a igualdade da que estamos tan lonxe. Pero non podemos esquecer esta loita os vindeiros 364 días do ano. Hoxe, especialmente, queremos recordar a todas esas mulleres que, ao longo da historia, foron humilladas e maltratadas, discriminadas e invisibilizadas; pero, sobre todo, queremos recordar que o machismo mata.

A violencia machista arrebatou máis vidas que o terrorismo en España.

Máis de mil mulleres foron asasinadas desde o ano 2003 e, por desgraza, esta cifra continúa en aumento cada día. Tendo en conta que dentro destas 1027 mulleres non están incluídas as vítimas de violación, da fenda salarial, da trata de persoas, do acoso, do maltrato físico e psicolóxico, as que non se lles permite decidir sobre o seu corpo, e tampouco se inclúe ás vítimas máis invisibilizadas, as nenas e nenos orfos ou, incluso, asasinados en mans do seu propio pai.

O día 25 de novembro non foi escollido por casualidade. Este mesmo día do ano 1960 as catro irmáns Mirabal, Patria, Minerva, María Teresa e Debé, coñecidas como as “bolboretas”, convertéronse nun símbolo da resistencia, tanto popular como feminista. Naceron, viviron e loitaron na República Dominicana contra o réxime de Trujillo, sendo activistas políticas e figuras moi visibles desa resistencia na que defendían a xustiza e a democracia. Este foi o motivo polo que o 25 de novembro os seus corpos xacían nun precipicio coas articulacións partidas e claros signos de estrangulamento. As irmáns Mirabal, xunto con milleiros de mulleres, iniciaron umha loita pola que deron a súa vida e que nós debemos continuar. No século XVIII loitamos polo dereito á educación, no Século XX polo dereito ao voto e, aínda agora, en pleno século XXI loitamos para librarnos dun machismo que ataca todos os nosos dereitos, ata a propia vida. É a conciencia de que o problema existe a que brilla pola súa ausencia, e é a normalización social do machismo a que nos está asasinando. A educación é a única arma que nos pode axudar a combater a violencia machista, pois, como dicía o antigo filósofo Pitágoras, “educa a un neno e non terás que encarcerar a un home”. É hora de sacar á luz a todas esas grandes escritoras, filósofas, artistas e mulleres ignoradas pola historia, é hora de poñer as lentes violetas e ver a gravidade do machismo e o risco que corremos todas as mulleres, é hora de dicir “basta xa, quero ser libre”, é hora de poñernos en pé, todas e todos, para rematar a loita que comezaron as nosas antepasadas.

